

ÁREA: COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS
1. Representar de forma axustada o propio corpo e identificar diferentes partes do mesmo.	O propio corpo: imaxe global e segmentos principais.	Manifestar un progresivo control do seu corpo, global e segmentario.	Distinguir as propias partes do corpo identificando os segmentos e elementos principais.	Competencia para aprender a aprender. Autonomía e iniciativa persoal.
2. Identificar as principais emocións e sentimentos.	Sentementos e emocións propios e dos demais.	Regular progresivamente a expresión de sentementos e emocións.	Identificar emocións e sentementos básicos e asocialos a situacións puntuais.	Competencia para aprender a aprender. Autonomía e iniciativa persoal.
3. Exercitar as capacidades motrices e nocións básicas espazo-temporais.	Posibilidades motoras do corpo: posturas, control, actividade, reposo.	Mellorar as súas destrezas motoras e habilidades manipulativas.	Actuar de forma axustada según as súas posibilidades motrices e expresivas.	Competencia para aprender a aprender. Autonomía e iniciativa persoal.
4. Mostrar hábitos básicos de saúde e benestar.	Hábitos básicos: hixiene, alimentación, exercicio e descanso.	Mostrar certa autonomía na adquisición de hábitos elementais de coidado persoal e hixiene.	Desenvolver hábitos e normas básicas de hixiene, saúde e alimentación.	Competencia social e cidadá. Competencia para aprender a aprender. Autonomía e iniciativa persoal.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS
1. Utilizar a serie numérica para manipular elementos do contorno.	Asociación dos tres primeiros números coa súa representación gráfica.	Usar a serie numérica para clasificar, agrupar e ordear.	Utilizar os tres primeiros números cardinais, exercitándose na grafía e na cantidade que representan.	Competencia matemática. Competencia para aprender a aprender.
2. Coñecer algúns animais e plantas da bisbarra.	Animais e plantas do contorno.	Manifestar actitudes de coidado e respecto cara a natureza.	Coñecer algúns animais e plantas do contorno e a súa forma de vida.	Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
3. Identificar os grupos sociais dos que forma parte.	A familia.	Identificar o primeiro grupo social ao que pertence: a familia.	Coñecer as relacións de parentesco entre os membros da súa familia.	Competencia social e cidadá.
4. Responsabilizarse de tarefas sinxelas da vida familiar.	Normas básicas de convivencia e comportamento.	Mostrar interese por establecer relacións respectuosas e afectivas cos membros dos grupos aos que pertence.	Respectar as normas básicas de comportamento e convivencia.	Competencia social e cidadá. Autonomía e iniciativa persoal

ÁREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS
1. Construír e estruturar de forma correcta frases sinxelas para expresarse habitualmente.	Principais situacións comunicativas.	Participar en situacións comunicativas respectando a quenda.	Expresarse cun vocabulario cada vez máis axeitado e con frases sinxelas ben ordeadas.	Competencia en comunicación lingüística. Competencia social e cidadá.
2. Reproducir poesías sinxelas e escoitar atentamente contos.	Comprensión de relatos sinxelos, contos e narracións.	Comprender mensaxes orais diversos, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	Recrear algúns textos de literatura infantil e practicar unha escoita atenta.	Competencia en comunicación lingüística. Competencia social e cidadá.
3. Iniciar o uso da escritura con fins reais.	Contidos básicos da lingua escrita.	Mostrar interese polos textos escritos iniciándose no seu uso (nome).	Realizar a grafía de trazos sinxelos, letras e palabras moi significativas.	Competencia en comunicación lingüística
4. Realizar producións plásticas cada vez máis elaboradas.	Materiais e técnicas sinxelas de expresión plástica.	Experimentar coas producións plásticas.	Realizar elaboracións plásticas con colorido, distintos materiais e técnicas.	Competencia social e cidadá. Competencia para aprender a aprender.
5. Explorar as distintas posibilidades sonoras que ofrece a propia voz.	Cancións infantís e cancións asociadas ás rutinas cotiás.	Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión a través da voz	Explorar coa propia voz.	Autonomía e iniciativa persoal.
6. Utilizar os recursos da expresión corporal.	Movementos, xestos e ritmos co propio corpo.	Participar en actividades de expresión corporal.	Expresarse con movementos e xestos corporais.	Autonomía e iniciativa persoal.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación

Procedementos:

As Instrucións do 27 de abril de 2020 (*criterios de avaliación de Educación Infantil*) establecen en Educación Infantil a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo, e será **global, continua e formativa**. Debe servir para detectar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado e analizar os seus progresos e dificultades, así como as súas aprendizaxes.

No contexto actual, ademais da necesaria coordinación **entre os profesionais, resulta imprescindible reforzar a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumnos e alumnas** como partícipes directos no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

Os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumno ou alumna e á **consecución dos obxectivos da etapa**.

Tendo en conta isto, o traballo do terceiro trimestre centrarase na **consolidación dos mínimos traballados e no afondamento daqueles que foron impartidos de maneira presencial**. Este traballo terá sempre presentes as diferentes posibilidades horarias, tecnolóxicas e de apoio do alumnado.

En base a isto, estableceranse os seguintes indicadores de logro para a avaliación deste terceiro trimestre:

- **O/a alumno/a participa nas propostas plantexadas dentro das súas posibilidades.**
- **O/a alumno/a consolidou aqueles contidos xa traballados previamente.**

Valoraranse as tarefas realizadas a distancia polo alumnado, que servirán para orientar o seu proceso de aprendizaxe e para mellorar as súas competencias

	<p>Instrumentos: Tarefas realizadas de maneira virtual. Úsanse diferentes medios: correo electrónico, abalar, páxina web, blog de educación infantil,...</p>
Cualificación final	<p>En base ao marco legal que regula a avaliación na nosa comunidade educativa establecemos os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A nota base do alumnado será a resultante dos resultados obtidos durante o primeiro e o segundo trimestre. - En base aos criterios de cualificación establecidos o alumnado poderá mellorar a cualificación se se considera que o rendemento é positivo. - Sempre se terán en conta as posibilidades e circunstancias de cada alumno/a. - As cualificacións seguirán os criterios que se establezan no XADE para estas circunstancias. <p>En base aos indicadores propostos para o terceiro trimestre, e, tendo en conta, o grao de consecución dos obxectivos establecidos, para os dous anteriores, o/a titor/a elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no que se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. Este informe recollerá tamén as medidas de reforzo e adaptación que, no seu caso, fosen empregadas</p>

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>O plan de traballo centrarase sobre todo na consolidación das competencias básicas, sen avanzar en novos contidos curriculares</p> <p>As tarefas propostas servirán para reforzar e consolidar as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas e hábitos previamente traballados.</p>
Metodoloxía	<p>A metodoloxía parte dunha organización do tempo flexible, que permita atender as diferenzas familiares e do propio alumnado, propoñendo rutinas que lles faciliten a nenas e nenos interiorizar secuencias temporais sinxelas, ao tempo que lles ofrecen seguridade.</p>

	<p>A organización dos contidos fíxose desde a perspectiva do enfoque globalizador e a aprendizaxe significativa. Partíuse do xogo como ferramenta esencial e motivadora cara as aprendizaxes, buscando actividades motivadoras e divertidas: xogos de exploración sensorial, coordinación dinámica e psicomotriz, expresión corporal, musical e plástica, de expresión lóxico-matemática, lectoescritura, de expresión e coñecemento das emocións ...</p> <p>Elabórase un plan de traballo semanal, organizado nun blog ao que poden acceder as familias na páxina web do centro, onde se facilitan diferentes propostas de todas as áreas, organizadas para os 3 niveis, para que cada familia, en función das súas circunstancias particulares, poida realizar as que considere máis axeitadas. Unha vez realizadas, mándanas ao noso correo, así como fotos, vídeos ...etc., e cólganse no blog para compartilas cos compañeir@s, profes, e, comunidade educativa en xeral.</p>
Materiais e recursos	<p>Acórdouse a nivel centro, coa colaboración do Concello, facer entrega a todas as familias de material do 3º trimestre (fichas, cadernos, fotocopias, libros ...), para complementar as propostas de traballo do blog e para facilitar o seguimento da actividade escolar naqueles casos con máis dificultades por non dispor de conexión a internet ou dos dispositivos necesarios para acceder aos contidos (teléfono, tablet, ordenador...)</p>

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	<p>As canles de comunicación coas familias son a través da aplicación Abalar e dos correos electrónicos persoais das titoras, do profesorado do equipo de ciclo de E.I., e o do propio centro.</p>
Publicidade	<p>Páxina web do centro.</p>